

CONVOCATORIA DE PROMOCIÓN AO CORPO DE CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDADE DO ANO 2012

No Consello de Goberno de 14 de novembro de 2011 foi aprobada a normativa pola que se fixan os criterios e o procedemento para a promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade. Nesa normativa, contéplase a realización dunha convocatoria anual de promoción e se establece que, en función das disponibilidades orzamentarias, o Consello de Goberno aprobará cada ano o número de novas prazas do corpo de Catedráticos de Universidade da correspondente convocatoria.

Acolléndose a este procedemento, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de maio de 2012, aproba a presente convocatoria do programa de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade.

1. Obxectivo

Por en marcha a convocatoria de promoción ao Corpo de Catedráticos de Universidade do ano 2012. Esta convocatoria desenvolverase como un concurso de méritos para determinar en que áreas de coñecemento se convocan 21 prazas do corpo de Catedráticos de Universidade.

2. Requisitos

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) pertencer a algunha das seguintes categorías na Universidade de Vigo: profesores/as titulares de Universidade, catedráticos/as de Escola Universitaria ou profesorado contratado doutor.
- b) ter adicación a tempo completo.
- c) estar acreditadas para CU.

3. Criterios de priorización de áreas e solicitantes

Establécese un dobre criterio: pola composición da plantilla da área do/a solicitante e por méritos. De cada tres prazas convocadas, asignaranse inicialmente polo menos dúas prazas para promoción por criterios de plantilla. Se hai máis solicitudes que prazas ofertadas na convocatoria, a priorización farase segundo o seguinte procedemento:

a) **plantilla:** priorizaranse as áreas de menor porcentaxe (P) de CU do con respecto ao número de PDI con vinculación permanente (CU, TU, CEU, TEU, PCD) da área, ata completar o número de prazas por este criterio e, en todo caso, ata un valor máximo $P=25\%$. Para os efectos do cómputo de P non se contabilizarán os/as catedráticos/as de universidade nin os/as profesores/as con vinculación permanente que cumpran a idade de xubilación obrigatoria no ano da convocatoria.

Unha vez ordenadas as áreas por este criterio, asignarase unha praza por área ata completar o número de prazas por plantilla. Se, realizada a asignación, non se cubren todas as prazas por plantilla, iniciarase unha segunda rolda na que se recalcularía o valor de P, derivado da primeira asignación.

Os posibles casos de empate entre candidatos da mesma área de coñecemento ou entre áreas cun mesmo valor de P desfaranse considerando o criterio b).

b) **méritos:** Terase en conta o número de sexenios da persoa solicitante, mediante a asignación a cada candidato/a da seguinte puntuación:

$$25(N-N_{\text{CNEAI}})+3K$$

O valor de N_{CNEAI} corresponde á media de sexenios no campo CNEAI do solicitante, tendo en conta na dita media unicamente as áreas presentes na Universidade de Vigo (Anexo I). O valor de N corresponde ao número de sexenios do solicitante. O valor de K corresponde ao número de anos completos transcorridos dende a concesión do último sexenio, sempre que non transcorreran máis de seis anos completos dende esa data.

Se transcorreran 7 anos completos dende a concesión do último sexenio o sumando $3k$ será 0. Se o número de anos completos transcorridos dende a concesión do último sexenio é superior a 7, restarase un punto por cada ano completo transcorrido a partir do 8º.

En caso de empate, desempatarase sucesivamente polos criterios de antigüidade na acreditación, antigüidade como TU ou CEU, xénero e campus.

Se non se cubren as prazas asignadas para promoción por plantilla, incorporaranse á cota de promoción por méritos.

4. Avaliación e selección

A avaliación das persoas solicitantes e a proposta de selección de áreas de coñecemento será feita pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) que elevará ao Consello de Goberno a proposta de resolución para a súa aprobación e creación das prazas correspondentes.

O acordo será comunicado aos departamentos implicados para a realización dos trámites correspondentes. A COAP aprobará a convocatoria da praza na área de coñecemento da persoa que promocionou así como o perfil da mesma e a composición das comisións de acordo coa proposta aprobada en Consello de Departamento, nos termos establecidos na normativa vixente.

5. Solicitudes, presentación e prazo

Xunto coa solicitude (Anexo II) deberá achegarse copia da **certificación da acreditación** para o corpo de Catedráticos de Universidade.

O prazo de presentación de solicitudes será do **28 de maio ao 11 de xuño de 2012**.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral, nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992. No estranxeiro, as solicitudes poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 30/1992. Simultaneamente serán publicados na WEB da Universidade de Vigo.